



CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 5 de setembro de 2024 o expediente de modificación de créditos número 6/2024, dentro do vixente orzamento municipal, por importe de 110.100 euros, e dando cumprimento ao establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, expónse ao público, polo prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello e formular as reclamacións que consideren pertinentes.

Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria, tras a súa publicación íntegra.

Baralla, 9 de setembro de 2024.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 2668

BARREIROS

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO MUNICIPAL 2024

Os efectos do disposto no artigo 161.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de Marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, faise público para xeral coñecemento, que esta Corporación, en sesión plenaria celebrada o día 12 de agosto de 2024, adoptou o acordo inicial de aprobación do orzamento para o exercicio 2024, e transcorrido o prazo de exposición pública, sin que se presentasen reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado.

O importe do mesmo, resumido por capítulos é o seguinte:

GASTOS

CAPITULO	IMPORTE
I: Gastos de Personal	1.968.315,18
II: Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	2.230.368,41
III: Gastos Financieros	8.500
IV: Transferencias Corrientes	26.074
VI: Inversiones Reales	904.086,40
VII: Transferencias de Capital	
VIII: Activos Financieros	
IX: Pasivos Financieros	162.000
TOTAL	5.299.343,99

INGRESOS

CAPITULO	IMPORTE
I: Impuestos Directos	1.544.500
II: Impuestos Indirectos	100.000
III: Tasas y Otros Ingresos	1.397.500
IV: Transferencias Corrientes	1.582.627,97
V: Ingresos Patrimoniales	6.600
VI: Enajenación de Inversiones Reales	
VII: Transferencias de Capital	668.116,02
VIII: Activos Financieros	
IX: Pasivos Financieros	
TOTAL	5.299.343,99

Asimismo faise público o cadro de persoal do Concello:

A) Funcionarios de carreira: 19 PRAZAS

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GR	SIT.	POSTOS EXISTENTES	
1	Escala de Habilitación Estatal				
1.1	Subescala Secretaría-Intervención	1	A1/A2	O	- Secretaria-Inverventora
2	Escala de Administración Xeral				
2.1	Subescala Administrativa	2	C1	1O1V	- Administrativo
2.2	Subescala Auxiliar	4	C2	4O	- Auxiliar
3	Escala de Administración Especial				
3.1	Subescala Técnica.				
3.1.1	Técnicos Superiores:	2	A1	O O	- Arquitecto/a - Axente Desenvolvemento Local
3.1.2	Técnicos Medios:	4	A2	O O	- Enxeñeiro Téc. Agrícola/Forestal - Diplomado/a Escola Infantil (2 postos) - Traballadora Social
3.1.3	Técnicos Auxiliares:	4	C1	O	Técnico Especialista Escola Infantil (4 postos)
3.2	Subescala de Servizos Especiais.				
3.2.3	Prazas de cometidos especiais:				
3.2.3.1	Técnico/a Cultura	1	A2	INT	Animador sociocultural
3.2.d	Persoal de oficios:				
3.2.d.3	Oficial	1	C1	O	Oficial Augas-Fontaneiro

B) Persoal Laboral Fixo: 51

DENOMINACIÓN PRAZA	Nº PRAZAS	GR	SIT	POSTOS EXISTENTES
Técnico Informático	1	A2	O	Técnico Informático

Auxiliar de Cultura	1	C2	O	Auxiliar de Cultura
Capataz de Incendios	1	C2	O	Capataz Forestal
Conductor de Tractor	1	C2	O	Conductor de tractor
Oficiales	1	C1	O	Responsable de Servizos Múltiples
	3	C2	201T	Oficial de Augas/EDAR
	2	C2	101V	Oficial de mantemento edificios
Cociñeiro/a Escola Infantil	1	C2	T	Cociñeiro/a
Auxiliar Puericultura	1	C2	O	Auxiliar Puericultura
Auxiliar Axuda no Fogar	19	AP	1702T	Auxiliar Axuda Fogar
Operarios	1	AP	O	Operario augas
	4	AP	30/1T	Operario servizos multiples
Conserxe	1	AP	O	Conserxe Colexio
Limpador/a	2	AP	O	Limpador/a edificios publicos
Educadora Familiar (Xornada parcial)	1	A2	O	Educadora Familiar
Limpeza Colexios	2	AP	O	Limpeza Colexios
Técnico/a deportivo/a	1	A2	T	Técnico/a de deportes
Técnico/a de turismo	1	A2	V	Técnico/a de turismo
Traballadora Social (xornada parcial)	1	A2	O	Traballadora Social
Técnico/a sanitario/a (fixo-discontinuo)	1	C1	O	Técnico/a sanitario praias
Coordinación socorrismo (fixo-discontinuo)	1	C2	O	Coordinador do servizo de socorrismo en praias
Socorristas (fixos-discontinuos)	5	C2	V	Socorristas en praias
Vixilante comedor escolar (xornada parcial e fixo-discontinuo)	1	AP	T	Vixilante comedor CEIP San Cosme.

* O: ocupada en propiedade

* V: vacante

* INT: funcionario/a interino/a

*T: cuberta provisionalmente con persoal temporal

Barreiros, 10 de setembro de 2024.- O alcalde accidental, Antonio Veiga Outeiro.

R. 2680

BEGONTE

Anuncio

Por resolución de Alcaldía de data 05.09.2024, aprobouse o padrón fiscalcorrespondente ao mes de agosto de 2024 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 5.996,87€ e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 185 €.

Por medio do presente expónse público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeralcoñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 5 de setembro de 2024.- O Alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 2669

COSPEITO

Anuncio

BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA OS POSTOS DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS PUBLICOS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE COSPEITO

1. - OBXECTO.

O obxecto destas bases é establecer as normas e procedemento xenérico para a creación dunha bolsa de emprego para cubrir as prazas de persoal laboral temporal no servizo de **limpeza de edificios públicos** que queden vacantes por motivos sobrevidos (baixas, vacacións, acumulación de tarefas, traballos estacionais,...) cando non haxa posibilidade de cubrilas doutro xeito ou mentras as mesmas non se cubran polo procedemento xeral.

Nos postos de traballo que se cubran a través destas bolsas de emprego, as persoas seleccionadas prestarán servizos, de carácter temporal, no Concello de Cospeito, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poda encomendar a alcaldía, que garden relación cos postos a desempeñar e que afecten ó funcionamento do servizo público descrito como esencial para a cobertura de necesidades prioritarias, urxentes e inaprazables.

Inda que pasen a formar parte da bolsa non se poderá asinar contrato con aquelas persoas que superen os límites de contratación temporal establecidos na normativa laboral de aplicación en cada momento.

As presentes bases publicaranse no Taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal: e realizarase un anuncio das mesmas no BOP de Lugo.

2.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidas na lista as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización de presentación de solicitudes e deberán gozar destes durante todo o prazo na que a mesma estea en vigor:

-Ter nacionalidade española ou alguna outra que, con arranxo ó disposto no artigo 52 da Lei 2/2015. De 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ó emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

-As persoas que posúan nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

-As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

-As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

-As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

c) Estar en posesión da titulación esixida para a praza.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

d) Posuír coñecemento do idioma galego.

e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

f) Cumprir, no momento de formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

g) Contar con carnet de conducir en vigor e vehículo axeitado para desprazamentos.

3.- INSTANCIAS.

As persoas que desexen entrar a formar parte da bolsa para traballo temporal, deberán presentar solicitude no modelo oficial que se publicará como anexo a estas bases e que se lles facilitará nas dependencias municipais e na páxina web municipal.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, incluída a sede electrónica municipal (non é válido o envío a través de correo electrónico).

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días hábiles contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE.

Coas solicitudes deberá presentarse necesariamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Copia da titulación que se esixa.
- Copia do título de galego que se valore.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso.

En caso de querer aportar documentación xa presentada no concello con anterioridade, únicamente deberán facer constar na solicitude que se teña en conta a documentación presentada indicando o procedemento no que consta.

5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E AVALIACIÓN.

Serán admitidas as persoas aspirantes que presenten as solicitudes no prazo indicado e reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo cos baremos establecidos nas bases.

Os méritos deberanse posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen coa presentación da instancia. **Non se valorarán os méritos que non sexan efectivos antes de que remate o prazo de presentación de instancias nin os que non se presenten coa solicitude. (En caso de que a documentación xa conste presentada con anterioridade no concello, servirá si fan referencia na solicitude ó expediente no que figura dita documentación).**

6.- PUBLICACIÓN DAS LISTAS.

Rematada a cualificación das persoas aspirantes, elaborárase unha lista, que se exporá no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web, e contra a mesma poderán presentar reclamacións as persoas interesadas no prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte á súa exposición.

Transcurrido este prazo e, no seu caso, unha vez resoltas as reclamacións que se podan presentar, publicarase a lista definitiva polos mesmos medios.

7.- PROCEDIMENTO PARA CUBRIR AS BAIXAS TEMPORAIS EXISTENTES

Cando resulte necesario cubrir unha das prazas de forma temporal, avisarase aos integrantes da lista correspondente polo orde que figuren nela.

Este aviso farase de forma individualizada para cada candidato a través de chamada de teléfono, ou correo electrónico. No caso de que, no día do chamamento non se conseguise contactar co interesado procederase a chamar ao seguinte da lista e así sucesivamente, o mesmo que no caso de que algún manifeste a súa renuncia. Unicamente se procederá a chamar a aquelas persoas que figuren como dispoñibles, é dicir, que non estean en suspenso por algunha das causas indicadas no seguinte párrafo.

A renuncia por causa xustificada non suporá cambios na posición da listaxe, non obstante se a renuncia non é por alguna causa xustificada ou renuncia voluntariamente ao contrato unha vez iniciado este, dita persoa pasará ao final da lista.

Unha vez personado o aspirante, formalizarase o correspondente contrato coas condicións correspondentes a cada posto de traballo.

8.- VIXENCIA DAS BOLSAS DE CONTRATACIÓN.

A vixencia destas bolsas de contratación será de dous anos, inda que, dependendo do resultado, si o número de persoas existente na lista e as súas circunstancias non permiten que as mesmas sexan operativas, poderá reducirse esa vixencia e sacar unha nova convocatoria.

9.- RECURSOS.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición ante a alcaldía no prazo dun mes, previo ó contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xuzgado Contencioso-administrativo ou, a partir do día seguinte ó de publicación do seu anuncio no BOP

ANEXO I.- CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DO POSTO DE TRABALLO.

1.- Relación xurídica co concello:

Personal laboral temporal, Grupo de cotización 10 e salario bruto mensual correspondente ó salario mínimo fixado en cada momento máis a parte proporcional das pagas extras. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Si o posto de traballo que vai desempeñar tivese algunha especialidade retributiva polas súas especiais condicións, aplicarásese tamén a este tipo de contrato.

2.- Horario e condicións do posto de traballo:

Tanto o horario de traballo como os traballos concretos a desempeñar indicaráselle polo responsable do departamento correspondente segundo as necesidades dos servizos. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

3.- Titulación requirida:

Certificado de estudos primarios ou titulación equivalente.

4.- Requisitos específicos:

Deberá contar con carné de conducir B e vehículo axeitado para desprazamentos.

5.- Baremo do concurso:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- Experiencia profesional en postos de limpeza de edificios en concellos ou outras Administracións Públicas. Máximo 7 puntos. 0,5 puntos por cada mes completo de servizos a xornada completa. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).
- Experiencia profesional en postos de limpeza de edificios no sector privado. Máximo 3 puntos. 0,5 puntos por cada mes completo de servizos a xornada completa. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

A experiencia profesional acreditarase mediante o **correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral**, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración. **(Non se valorarán os méritos si os contratos non veñen acompañados da vida laboral ou si se presenta a vida laboral sin os contratos correspondentes. Si os contratos xa constan no concello deben indicalo na instancia da solicitude pero deben presentar a vida laboral actualizada).**

B) FORMACIÓN:

- Por cursos realizados directamente relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

C) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 0,75 puntos
- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 1 punto

De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

Si non se acredita o coñecemento do idioma galego mediante un destes certificados, o concello poderá valorar dito coñecemento con proba oral ou escrita ós aspirantes correspondentes.

En caso de empate nas puntuacións da valoración, desempatarase coa puntuación obtida no apartado de experiencia profesional, quedando en posición superior a persoa que teña unha maior puntuación nese apartado. Si aínda así continuase o empate, o mesmo desfarase coa puntuación acadada no apartado de formación. En último caso o desempate farase por sorteo.

ANEXO I**SOLICITUDE PARA SER INCLUÍDO NA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR POSTOS DE LIMPEZA DE EDIFICIOS**

D./D. _____ con DNI _____,
con enderezo a efectos de notificación en _____
_____ teléfono _____
e correo electrónico _____

EXPOÑO:

1. Que tiver coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Cospeito para a creación da bolsa de emprego temporal indicada.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen dita bolsa de emprego e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.
4. Que fago a seguinte declaración xurada sobre os seguintes aspectos:
 - non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.
 - disposición de vehículo para realizar os desprazamentos propios das funcións do posto de traballo.
 - non ter sido separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas, nin atoparse inhabilitada para o exercicio de funcións públicas.
 - non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
5. Que solicito ser incluído/a en dito proceso selectivo e para iso presento a seguinte documentación:
 - Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.
 - Copia da titulación que se esixa.
 - Copia do título de galego que se valore.
 - Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia. *(A documentación que xa fora presentada con anterioridade no concello non terá que volver a presentarse pero terán que indicar na solicitude o procedemento no que se presentou dita documentación para poder admitila.)*

Sinatura: _____

R. 2681

OUIROL*Anuncio*

O Pleno do concello de Ouiról, en sesión ordinaria celebrada o día seis de setembro de dous mil vinte e catro, aprobou inicialmente o expediente de modificación do orzamento 2024, crédito extraordinario/suplemento de crédito, con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería polo importe de cento cinco mil catrocentos trinta e seis euros con corenta e oito céntimos, (105.436,48 €). En cumprimento do disposto no artigo 177.2, en relación co 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, coa finalidade de que durante este período de tempo, que comezará a contar dende o día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se estimen pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

Ouiról, 9 de setembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2670

Anuncio

Por acordo do Pleno do concello de Ouiról en sesión ordinaria celebrada o día seis de setembro de dous mil vinte e catro, aprobouse inicialmente o expediente de desafectación das vivendas de mestres (1º D, 1º E, 2º D, 2º E, 3º D e 3º E) do edificio de vivendas do CEIP “ Vicente Casabella”, referencia catastral 9643012PJ0294S0001UX, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.

De conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do concello de Ouiról.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se consideren oportunas.

Ouiról, 9 de setembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2671

O PÁRAMO*Anuncio*

Aprobado por Resolución da Alcaldía de **data 2/09/2024**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **AGOSTO** de 2024, polo importe total de **3.824,64€**.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 2 de Setembro de 2024.- O Alcalde, P.D. O 1º Tte. Alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 2672

A PASTORIZA

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 24 de xullo de 2024 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 2024.10, na modalidade de suplemento de crédito núm. 03 por importe de 87.700,00 euros, financiado con cargo a novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos. Dita modificación orzamentaria foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia número 178 de 2 de agosto de 2024.

Sometido o expediente a trámite de información pública polo prazo de quince días, a contar dende o día seguinte á inserción do anuncio de aprobación inicial para que os interesados puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimaran oportunas, durante o dito prazo de información pública non se presentaron alegación nin reclamacións, polo que se considera a aprobado definitivamente o que se fai publico aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Estado de gastos

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
161.22799	ABASTECIMIENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE. OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR EMPRESAS E PROFESIONAIS.	87.700,00
TOTAL INCREMENTO GASTO		87.700,00

Esta modificación financíase con novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos, nos seguintes termos:

Estado de ingresos

Aplicación ORZAMENTARIA	Descrición	IMPORTE
290.00	IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS	87.700,00
TOTAL INGRESOS		87.700,00

Despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento 2024 queda da seguinte forma:

CAPITULO	DESCRICIÓN	Consignación antes do expediente de modificación	Aumentos por créditos extraordinarios ou suplementos	Total da consignación resultante
1.	GASTOS DE PERSOAL	727.275,53		727.275,53
2.	GASTOS DE BENS CORRENTES E SERVIZOS	2.697.927,41	87.700,00	2.785.627,41
3.	GASTOS FINANCEIROS	5.000,00		5.000,00
4.	Transferencias correntes	168.004,08		168.004,08
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	15.000,00		15.000,00
6.	INVESTIMENTOS REAIS	229.061,62		229.061,62
7.	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00		0,00
8.	Variación de activos financeiros	0,00		0,00
9.	Variación de pasivos financeiros	17.731,36		17.731,36
	TOTAL	3.860.000,00		3.947.700,00

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán

interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

A Pastoriza, 9 de setembro de 2024.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2673

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 24 de xullo de 2024 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 2024.11, na modalidade de suplemento de crédito núm. 04 por importe de 10.000,00 euros, financiado con cargo a novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos. Dita modificación orzamentaria foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia número 178 de 2 de agosto de 2024.

Sometido o expediente a trámite de información pública polo prazo de quince días, a contar dende o día seguinte á inserción do anuncio de aprobación inicial para que os interesados puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimaran oportunas, durante o dito prazo de información pública non se presentaron alegación nin reclamacións, polo que se considera a aprobado definitivamente o que se fai publico aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Estado de gastos

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
341.480	PROMOCIÓN DO DEPORTE. SUBVENCIÓN A FAMILIAS E INSTITUCIÓN S EN ÁNIMO DE LUCRO . U.D PASTORICENSE	10.000,00
TOTAL INCREMENTO GASTO		10.000,00

Esta modificación financíase con novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos, nos seguintes termos:

Estado de ingresos

Aplicación ORZAMENTARIA	Descrición	IMPORTE
290.00	IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN S, INSTALACIÓN S E OBRAS	10.000,00
	TOTAL INGRESOS	10.000,00

Despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento 2024 queda da seguinte forma:

CAPITULO	DESCRICIÓN	Consignación antes do expediente de modificación	Aumentos por créditos extraordinarios ou suplementos	Total da consignación resultante
1.	GASTOS DE PERSOAL	727.275,53		727.275,53
2.	GASTOS DE BENS CORRENTES E SERVIZOS	2.785.627,41		2.785.627,41
3.	GASTOS FINANCEIROS	5.000,00		5.000,00
4.	Transferencias correntes	168.004,08	10.000,0	178.004,08
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	15.000,00		15.000,00
6.	INVESTIMENTOS REAIS	229.061,62		229.061,62
7.	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00		0,00

8.	Variación de activos financeiros	0,00		0,00
9.	Variación de pasivos financeiros	17.731,36		17.731,36
	TOTAL	3.860.000,00		3.957.700,00

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

A Pastoriza, 9 de setembro de 2024.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2674

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 24 de xullo de 2024 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 2024.12, na modalidade de crédito extraordinario núm. 01 por importe de 64.000,00 euros, financiado con cargo a novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos. Dita modificación orzamentaria foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia número 178 de 2 de agosto de 2024.

Sometido o expediente a trámite de información pública polo prazo de quince días, a contar dende o día seguinte á inserción do anuncio de aprobación inicial para que os interesados puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimaran oportunas, durante o dito prazo de información pública non se presentaron alegación nin reclamacións, polo que se considera a aprobado definitivamente o que se fai publico aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Estado de gastos

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
933. 61900	XESTIÓN DO PATRIMONIO. OUTROS INVESTIMENTOS REPOSICIÓN INFRAESTRUTURAS BENS USO XERAL	64.000,00
TOTAL INCREMENTO GASTO		64.000,00

Esta modificación financíase con novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos, nos seguintes termos:

Estado de ingresos

Aplicación ORZAMENTARIA	Descrición	IMPORTE
290.00	IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS	64.000,00
	TOTAL INGRESOS	64.000,00

Despois do devandito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento 2024 queda da seguinte forma:

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	Consignación antes do expediente de modificación	Aumentos por créditos extraordinarios ou suplementos	Total da consignación resultante
1.	GASTOS DE PERSOAL	727.275,53		727.275,53
2.	GASTOS DE BENS CORRENTES E SERVIZOS2.	2.785.627,41		2.785.627,41
3.	GASTOS FINANCEIROS	5.000,00		5.000,00

4.	Transferencias correntes	178.004,08		178.004,08
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	15.000,00		15.000,00
6.	INVERSIONES REALES	229.061,62	64.000,00	293.061,62
7.	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00		0,00
8.	Variación de activos financeiros	0,00		0,00
9.	Variación de pasivos financeiros	17.731,36		17.731,36
	TOTAL	3.860.000,00		4.021.700,00

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

A Pastoriza, 9 de setembro de 2024.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2675

POL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, de data 6 de setembro de 2024, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de agosto de 2024, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 6 de setembro de 2024.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2676

XERMADE

Anuncio

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora da creación e funcionamento do rexistro electrónico municipal do Concello de Xermade

Ao non se presentaren reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario adoptado na sesión ordinaria celebrada o 11/07/2024, de aprobación inicial da modificación Ordenanza reguladora da creación e funcionamento do rexistro electrónico municipal do Concello de Xermade, o texto íntegro do cal faise público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Contra o presente acordo interporase recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con sede na Praza de Galicia, s/n de A Coruña, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ORDENANZA REGULADORA DA CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO ELECTRÓNICO MUNICIPAL

“ARTIGO 1. Obxecto.

El obxecto da presente Ordenanza é a creación e regulación do Rexistro Electrónico, do Concello de Xermade, de conformidade co establecido nos art. 24.3 e 25 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso electrónico dos Cidadáns os Servizos Públicos.

ARTIGO 2. Natureza e Eficacia do Rexistro Electrónico

O Rexistro Electrónico ten carácter auxiliar respecto ó Rexistro Xeneral do concello.

A presentación de solicitudes, escritos e/ou comunicacións no Rexistro Electrónico terá os mesmos efectos ca presentación efectuada no Rexistro físico do órgano administrativo ó que se dirixan.

ARTIGO 3. Ámbito de Aplicación.

A presente Ordenanza Municipal aplicarase a todos os órganos e unidades administrativas das distintas Áreas e Distritos do Concello de Xermade e Entidades de dereito público dependentes do mesmo.

ARTIGO 4. Responsable do Rexistro Electrónico

O órgano ou unidade responsable da xestión do rexistro electrónico será Alcaldía.

ARTIGO 5. Acceso ó Rexistro Electrónico.

O acceso ó Rexistro Electrónico realizarase a través da Sede Electrónica do Concello de Xermade ubicada na seguinte dirección URL: <https://concelloxermade.sedelectronica.es>

ARTIGO 6. Identificación dos cidadáns

De conformidade col art. 13.2 da lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos cidadáns ós Servizos Públicos, os cidadáns interesados en realizar a presentación de solicitudes no rexistro electrónico poderán utilizar algún dos sistemas de identificación electrónica:

- a) *En todo caso, o DNI electrónico*
- b) *Sistemas de firma electrónica avanzada, incluíndo os baseados en certificado electrónico recoñecido, admitidos por este Concello.*
- c) *Outros sistemas de identificación electrónica, como a utilización de claves concertadas nun rexistro previo como usuario, a aportación de información coñecida por ambas partes ou outros sistemas non criptográficos, nos termos e condicións que en cada caso se determinen.*

Os certificados admitidos, así como as súas características, e outros sistemas de identificación electrónica e os termos e condicións en que en cada caso se admitan, se farán públicos na sede electrónica do concello.

ARTIGO 7. Presentación de Solicitudes, Escritos e Comunicacións.

O Rexistro Electrónico estará habilitado unicamente para a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións respecto dos trámites e procedementos que se relacionen na sede electrónica. Os demais escritos carecerán de efectos xurídicos e non se terán por presentados, comunicándose ó interesado dita circunstancia, por si considera conveniente utilizar calquera das formas de presentación de escritos ante o concello que prevé o art. 38.4 de la Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

— Os rexistros electrónicos permitirán a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións todos os días do ano durante as vinte e catro horas.

— O Rexistro Electrónico rexirase pola data e hora oficial da Sede Electrónica.

ARTIGO 8. Copia de Solicitudes, Escritos e Comunicacións.

O Rexistro Electrónico emitirá automaticamente un recibo consistente nunha copia autenticada da solicitude, escrito ou comunicación incluíndo a hora e data de presentación e o número de entrada de rexistro.

ARTIGO 9. Rexeitamento de Solicitudes, Escritos e Comunicacións.

A Administración Municipal poderá rexeitar aqueles documentos electrónicos que se presenten nas seguintes circunstancias:

- a) *Que conteñan código malicioso ou un dispositivo susceptible de afectar á integridade ou á seguridade do sistema.*
- b) *No caso de utilización de documentos normalizados, cando non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando teña incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.*

Nestes casos, se informará de elo ó remitente do documento, con indicación dos motivos do rexeitamento así como, cando elo fose posible, dos medios de subsanación de tales deficiencias. Cando o interesado o solicite, se remitirá xustificación do intento de presentación, que incluírá as circunstancias do rexeitamento.

ARTIGO 10. Cómputo de Prazos

O Rexistro Electrónico do Concello de Xermade rexerese, a efectos de cómputo de prazos, vinculantes tanto para os interesados como para as Administracións Públicas, pola data e a hora oficial da Sede Electrónica, que contará cas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar visible.

O Rexistro Electrónico estará a disposición dos seus usuarios as vinte e catro horas do día, todos os días do ano, excepto as interrupcións que sexan necesarias por razóns técnicas.

Os efectos de cómputo de prazo fixado en días hábiles ou naturais, e no que se refire a cumprimento de prazos polos interesados, haberá que estar ó seguinte:

— *A entrada de solicitudes, escritos e/ou comunicacións recibidas en días inhábiles se entenderán efectuadas na primeira hora do primeiro día hábil seguinte.*

— *Non se dará saída, a través do Rexistro Electrónico, a ningún escrito ou comunicación en día inhábil.*

— *Se consideran días inhábiles, a efectos do Rexistro Electrónico da Administración Municipal, os establecidos como días festivos no calendario oficial de festas laborais do Estado, da Comunidade Autónoma e de festas locais deste Municipio. A estes efectos, se poderá consultar o calendario publicado na Sede Electrónica.*

O inicio do cómputo dos prazos que haxan de cumprir os órganos administrativos e entidades de dereito público virá determinado pola data e hora de presentación no propio rexistro ou, no caso previsto no apartado 2.b do art. 24 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns ós Servicios Públicos, pola data e hora de entrada no rexistro do destinatario. En todo caso, a data efectiva de inicio do cómputo de prazos deberá ser comunicada a quen presentou o escrito, solicitude ou comunicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Habilitase ó Alcalde para adoptar acordos de desenvolvemento das medidas técnicas e administrativas necesarias para a posta en marcha e posterior funcionamento do Rexistro, co obxecto de adaptar as previsións de esta Ordenanza ás innovacións tecnolóxicas.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

A Ordenanza se dicta ó amparo da potestade de autoorganización municipal recoñecida no art. 4 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, da potestade de despregue regulamentario i en virtude do que dispón o art. 38 e 45.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, i en concreto o art. 24.3 e 25 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso electrónico dos Cidadáns ós Servicios Públicos.

Ó mesmo tempo ca creación do Rexistro Electrónico e a normalización do seu uso, o Concello de Xermade, de conformidade co disposto no art. 70 bis.3 da Lei 7/1985, se impulsa a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación como medio para facilitar a participación e comunicación cos cidadáns e para a presentación de documentos e a realización de trámites administrativos.

En especial, se terá que actuar de conformidade co art. 18.4 da Constitución; a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal; a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos Cidadáns ós Servicios Públicos; a Lei 59/2003, de 19 de decembro, de Firma Electrónica así como ó resto de normativa aplicable en vigor.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA

A presente Ordenanza, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello de Xermade en sesión celebrada en data 8 de abril de 2010 e modificada mediante acordo plenario de data 11 de xullo de 2024, publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

Xermade, 4 de setembro de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2677

MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS

TESORERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL. DIRECCIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Primera subasta pública para la enajenación de un inmueble.

Resolución de la Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social de Lugo por la que se anuncia convocatoria de primera subasta pública mediante procedimiento abierto para la enajenación de un inmueble de su propiedad en Lugo.

Por autorización del Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones de fecha 14 de junio de 2024, se autoriza la enajenación por subasta pública del siguiente inmueble:

URBANA: nave situada en la calle Alcalde Emilio Álvarez, nº 1, localidad de Monterroso (Lugo), con una superficie aproximada registral de **387,50 m²** y una superficie construida catastral de 275 m². Figura inscrita en el Registro de la Propiedad de Chantada, Finca nº 7987, Tomo 565, Libro 60, Folio 187.

Referencia catastral 5389225NH9358N0001JK.

CONDICIONES URBANÍSTICAS: Las que se derivan del planeamiento urbanístico a verificar por los interesados en el Ayuntamiento.

La nave está exenta del Certificado de Eficiencia Energética.

El tipo de licitación es **96.313 €**, (noventa y seis mil trescientos trece euros).

Garantía a constituir del 5 por ciento del tipo de licitación: **4.815,65€** (cuatro mil ochocientos quince euros con sesenta y cinco céntimos).

La presentación de ofertas en sobre cerrado, de conformidad con lo establecido en la condición 8ª del Pliego de Condiciones que rige la subasta, deberá realizarse hasta las 14:00 horas del 15 de noviembre 2024, en la sede de esta Dirección Provincial de la Tesorería General de la Seguridad Social, sita en Ronda Músico Xosé Castiñeira 26-27002 Lugo, o en cualquiera de los registros previstos en la Ley 39/2015 de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

La subasta del inmueble relacionado se regirá por las cláusulas administrativas contenidas en el pliego de condiciones que se encuentra a disposición de los posibles licitadores en la Dirección Provincial de la TGSS de Lugo, y en la página web: www.seg-social.es.

El acto de subasta y la apertura de los sobres se celebrarán ante la Mesa constituida al efecto, el día 26 de noviembre de 2024 a las 10.30 horas, en la sede la Dirección provincial de la TGSS, en Ronda Músico Xosé Castiñeira nº 26 de Lugo.

El inmueble podrá ser visitado previa concertación de cita en los teléfonos 982.29.33.42 /982.29.36.10 en horario de 9:00 a 13:00 horas.

Lugo, 21 de agosto de 2024.- El Director Provincial, Juan José Rodríguez Gude.

R. 2678